

PENSO, LOGO EXISTO... EN GALEGO!

17 de maio
Día das Letras Galegas 2020

Escribe en galego e comparte unha reflexión, emoción, idea, aprendizaxes,... en relación á experiencia vivida a causa do COVID-19.



EN FORMATO (escolle un):

- a) Texto en galego acompañado dunha foto.
- b) Vídeo con texto ou audio en galego.

ONDE? (escolle un)

- FACEBOOK Xuventude Soutomaioir
- INSTAGRAM cos hashtag #omixsoutomaioir #SoutomaioirPensoLogoExistoEnGalego

Dirixido a persoas de 12 a 35 anos empadroadas no Concello de Soutomaioir

DATAS

**Do 17 ao 24
de maio**
(completos)

SORTEO:

**ORDENADORES
PORTÁTILES**

Bases en:
www.gabinetesoutomaioir.com



OBJECTIVO E DESCRICIÓN

Co gallo do Día das Letras Galegas o Concello de Soutomaioir, a través da Concellería de Xuventude, promove esta campaña para relacionar comunicación, tecnoloxía, mocidade e lingua galega. Co fin de dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas súas relacións diarias e no uso das redes sociais e tecnoloxía.

COMO PARTICIPAR?

USA A LINGUA GALEGA PARA

Escribe e comparte en galego unha reflexión, emoción, idea, proposta, aprendizaxe,... en relación á experiencia vivida durante estes últimos meses por causa do COVID-19.

EN FORMATO (escolle un):

- A. Texto en galego acompañado dunha foto.
- B. Vídeo con texto ou audio en galego.

ONDE PRESENTALO? (escolle un)



FACEBOOK (XUVENTUDE Concello Soutomaioir)



INSTAGRAM (#omixsoutomaioir)

SE o fas en **FACEBOOK COMENTA** directamente na publicación desta campaña que aparece no Facebook de Xuventude e no final do texto especifica o teu nome e

apelidos para poder logo entrar no sorteo.

SE o fas en **INSTAGRAM PUBLICA** a túa creación e pon o teu nome e apelidos ó final UTILIZANDO OS HASHTAG:

#omixsoutomaioir

#SoutomaioirPensoLogoExistoEnGalego

As persoas que entrarán a sorteo serán as que claramente indiquen a autoría.

QUEN PODE PARTICIPAR? Requisitos

Mozos e mozas de 12 a 35 anos empadroadas no Concello de Soutomaioir.

CANDO? Datat de participación

Desde o día **17 de maio ata o 24 de maio** (completos).

Soamente se admitirán a sorteo as presentadas durante este tempo.

No caso de ser menores de idade ou de non ter Facebook ou Instagram poderá subir a túa publicación outra persoa porque **o importante será o nome que figure no final como autor/a**. Este será o nome da persoa que participa e polo tanto da persoa que entra no sorteo.

Únicamente entrará a sorteo unha publicación por persoa. Cando unha mesma persoa presente varios soamente entrará en sorteo o primeiro subido en calquera das redes que use.

QUE SE SORTEARÁ?

As persoas que participen entrarán nun SORTEO de 2 ORDENADORES PORTÁTILES

HP 250 G7 6MR06EA Intel® Celeron N4000 1.16GHZ; Memoria 8GB DDR4 2400; MHz Pantalla 15,6" HD LED (1366 x 768); Graphics UHD 600; Disco Duro SSD 256GB M.2 SATA; Super Multi Dual Layer (S-ATA) WINDOWS 10 PROFESIONAL 64Bits; Batería 3,0 Horas aprox. Software en lingua galega.

COMO SERÁ O SORTEO?

Cando se peche o prazo de participación e previamente á data do sorteo emitirase un certificado coa relación de persoas que participaron e que cumpriron coa mecánica de

funcionamento da campaña. A continuación publicarase esta lista xunto co **día, hora e lugar da data do sorteo** nas redes sociais do Concello de Soutomaior e nas súas web:

<https://www.soutomaior.gal/gl/>
<https://www.gabinetesoutomaior.com/>

O día do sorteo. Comezarase por introducir todos os nomes das persoas que participaron dentro dunha urna e logo iranse sacando os papeis en función do número de premios. Sacaranse 5 nomes a maiores que formarán parte da lista de agarda por si algunha das persoas gañadoras non cumpre os requisitos de idade ou de identidade.

O procedemento de sorteo farase **en presenza de empregados/as públicos do Concello de Soutomaior** que garantan a transparencia do resultado do concurso e como proba disto emitirase unha acta ao finalizar asinada por todas as persoas presentes cuxo resultado será inalterable. Posteriormente, emitirase un certificado de validez para cada persoa gañadora.

Todo o proceso de sorteo gravarase en directo e estará colgado nas páxinas web do Concello anteriormente citadas para que se poida seguir consultando durante os 5 días hábiles posteriores á data de realización do sorteo.

Cando finalice o sorteo porémonos en contacto coas **persoas gañadoras** para que **acrediten a súa idade presentando o seu DNI (NIE ou documento que acredite a súa identidade e idade)** co fin tamén de **cotexar** que efectivamente existe esa persoa e que non se suplantan nin inventan identidades e que as idades entran en concurso. Si todo está correcto entregaráselle o premio.

Establécese un prazo de cinco (5) días naturais desde a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada.

O gañador ou gañadora dispón de cinco (5) días naturais desde a data na que se lle comunique que é a persoa gañadora para facilitar os datos necesarios para o envío do premio. Unha vez superado ese tempo, sen obterse resposta, o Concello de Soutomaior resérvase o dereito de entregar os premios a outra das persoas suplentes.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a retirar calquera publicación que se considere atenta contra a dignidade das persoas así como calquera comentario que sexa ofensivo, discriminatorio ou que atente contra a filosofía e obxectivos da campaña.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases en función das modificacións que poidan ser necesarias tendo en conta as limitacións do Estado de

Alarma derivadas polo COVID-19, sempre e cando non prexudiquen ou menoscaben os dereitos das persoas participantes na campaña.

AS PERSOAS QUE PARTICIPAN NESTA INICIATIVA ACEPTAN INTEGRAMENTE ESTAS BASES